

## Límites e posibilidades dun estudio tipolóxico das antoloxías poéticas: o caso galego

**María do Cebreiro Rábade Villar**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2011 [2001]). “Límites e posibilidades dun estudio tipolóxico das antoloxías poéticas: o caso galego”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 205-223. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1152>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

RÁBADE VILLAR, MARÍA DO CEBREIRO (2001). “Límites e posibilidades dun estudio tipolóxico das antoloxías poéticas: o caso galego”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 205-223.

\* Edición dispoñíbel desde o 5 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Límites e posibilidades dun estudio tipolóxico das antoloxías poéticas: o caso galego

*María do Cebreiro Rábade Villar*

*Este artigo pretende achegar algunhas claves para o trazado dunha tipoloxía de escolmas poéticas. A autora parte do principio metodolóxico do “holismo local”, que posibilita a proxección das hipóteses teóricas sobre o soporte empírico dun corpus de antoloxías poéticas galegas. O obxectivo é tanto describir, a través da súa catalogación, a modalidade xenérica “antoloxía” como ensaiar unha aproximación ó estudio do seu funcionamento no sistema literario galego. Lonxe de poder ser definidos en torno a parámetros esencialistas, os “tipos” aquí consignados pretenden abrir distintas vías de indagación sobre o fenómeno antolóxico, mostrando a súa variabilidade e a súa capacidade para reflectir algunhas das tendencias específicas da literatura galega contemporánea.*

*The aim of this paper is to bring some keys to the design of a typology of poetic anthologies. The author starts from the methodological principle of the “local holism” that permits the projection of the theoretical hypotheses about the empiric base of a Galician poetic anthologies Corpus.*

*The objective is to describe the generic modality “anthology” through its cataloguing, as well as to attempt an approximation towards the study of its working in the Galician literary system. As this cannot be defined using essentialist parameters, the “types” considered herein try to open different paths of research about the anthological phenomenon, showing their variability and their capacity to reflect some of the specific trends in contemporary Galician literature.*

A relativa atención que, nos últimos anos, se lle veu deparando á modalidade “antoloxía” no ámbito dos Estudos Literarios<sup>1</sup> traducíuse nun interese específico polo fenómeno antolóxico en Galicia, tal e como o testemuñan as notables achegas de Álvaro Varela (1999, 2000) ou Xoán González-Millán (1999). Desde distintas perspectivas (historiográfica, no primeiro caso, e sociolóxico-literaria, no segundo), ambos os dous autores participan da máxima metodolóxica do “holismo local”<sup>2</sup>, que combina o interese polos estudos “de caso” co propósito de avanzar hipóteses máis xerais, de orientación xenolóxica ou sistémica, que adopten como refrendo empírico o *corpus* que sustenta as súas investigacións.

Asumindo o devandito principio do “holismo local”, o noso obxectivo é partir da práctica tipolóxica como forma de achegamento teórico ás escolmas poéticas galegas. Ben lonxe de concibir as clasificacións como arquivos de conceptos, en sentido estático, cada un dos eixos que artellarán as nosas propostas taxonómicas pretenden abrir vías de indagación sobre o obxecto, na crenza de que as tipoloxías, máis que edificios conceptuais perfectamente trabados, son claves de acceso ó coñecemento nun determinado ámbito. Por outra banda, e unha vez deslindada a modalidade “antoloxía poética” da modalidade “cancioneiro” (coa que contrae semellanzas estruturais derivadas da súa condición de colectánea de textos, pero tamén importantes diverxencias relacionadas coa diferenza de contextos de produción e recep-

ción), este traballo presenta como *addenda* final un corpus de escolmas de poesía galega. Este soporte textual, que abrangue antoloxías editadas desde o Rexurdimento ata o presente, constitúe a base das presentes reflexións.

Moitas das consideracións aquí verquidas parten dunha hipótese que vincula certos usos e funcións da antoloxía poética coas características dos sistemas literarios “periféricos”. Neste sentido, tal vez poida afirmarse que a importancia cuantitativa e cualitativa do fenómeno antolóxico no desenvolvemento da literatura galega contemporánea se debe á capacidade das escolmas para contribuír a vertebrar a conciencia histórica da colectividade, desenvolvendo mecanismos de cohesión da memoria cultural que afectan tanto ó catálogo de voces antologadas (forma de avaliación implícita no que as inclusións son tanto ou máis relevantes que as exclusións) como ós paratextos (forma de valoración explícita que, con frecuencia, recorre ós panoramas históricos como xeito de asumir e potenciar unha determinada idea da literatura). Cremos que nas comunidades culturais periféricas (que, como no caso galego, se atopan inevitablemente determinadas pola orientación máis ou menos azarosa dos procesos de planificación<sup>3</sup> ós que están expostas), as discusións en torno á ordenación, selección e catalogación da materia literaria comportan unha serie de implicacións que piden ser explicadas dun xeito específico, e non importando modelos analíticos xurdidos en (ou para) ámbitos hexemónicos. Resultará doado percibir nas seguintes reflexións a impronta da semiótica da cultura de Tartu-Moscova, e máis especificamente a tese de Iuri Lotman a propósito da homoloxía estrutural texto-cultura. En efecto, cremos que as antoloxías funcionan como índices sistémicos que, nun sentido metonímico, son capaces de dar conta de mecanismos que afectan á totalidade do sistema, e que poden ser comprendidos e desvelados en virtude da súa mediación.

## 1. ANTOLOXÍAS-BALANCE E ANTOLOXÍAS-MANIFESTO<sup>4</sup>

A primeira delimitación que cómpre trazar afecta á contraposición entre as que denominaremos “antoloxías-balance” e “antoloxías-manifesto”. O obxectivo das primeiras é seleccionar e fraccionar mostras *significativas* dun pasado literario máis ou menos remoto. O máis frecuente neste caso é que a función autorial sexa desempeñada por unha instancia individual, xeralmente un crítico, que coas súas apreciacións fai especialmente evidente o papel mediatizador e canonizador da institución literaria.

As “antoloxías-manifesto”, en cambio, adoitan xurdir por iniciativa dos propios grupos poéticos para activar un cambio de rumbo no horizonte literario ou para darse a coñecer no medio poético que toman como referencia. Tamén neste caso o grupo pode recorrer a un crítico que avale co seu prestixio o seu labor, ou, en sentido inverso, poida que o profesional da literatura que exerce como antólogo pretenda intervir no sistema por medio da promoción dun determinado colectivo, que desempeñará, entre outras moitas funcións, a de portavoz dunha determinada concepción da poesía<sup>5</sup>. Neste sentido, cómpre examinar moi de preto as múltiples relacións que contraen a antoloxía coa modalidade da autopoética, relacións ás que alude Arturo Casas (2000: 216) nas seguintes liñas:

[...] considerada la delimitación ilocutivo-perlocutiva de la función autopoética y en afinidad con lo que Bourdieu (1995) ha estudiado como *espacio de las tomas de posición*, interesa investigar el tupido plexo de líneas de fuerza que se establecen 1) entre las autopoéticas presentes en una an-

tología dada; 2) entre cada una de ellas y la correspondiente obra poética seleccionada; 3) entre los autores; 4) entre éstos y el antólogo y, finalmente, 5) entre la antología actual como propuesta alternativa, o como intervención en el campo literario, y la serie textual a la que viene a incorporarse.

No sistema literario galego, a rendibilidade das antoloxías-manifesto, que constitúen a plasmación dunha temporalidade proléptica, é claramente menor que a das antoloxías-balance. Como é sabido, a irrupción de modelos de relevo estético explícito viuse tradicionalmente obstaculizada por un certo continuísmo do discurso cultural, continuísmo adoptado como estratexia de pervivencia e mesmo de normalización en períodos que o sistema representou historiograficamente como precarios. Sen embargo, escolmas como as preparadas polo Colectivo “Cravo Fondo” (1977), polo Colectivo “Alén”, polo Grupo Poético “Rompenite” (1976) ou polo Colectivo “Ronseltz” (1992) son esenciais para comprender a formación histórica e a interpretación crítica da poesía galega contemporánea en distintos momentos do seu desenvolvemento<sup>6</sup>.

As antoloxías-balance, que revisten un carácter analéptico, perfílanse, en cambio, como poderosos instrumentos de validación ou invalidación do que Pierre Bourdieu denominou “capital simbólico” da comunidade literaria, ata o punto de que poden ser consideradas o termo menos marcado da oposición balance/manifesto, ou, se se desexa, a ocorrencia tipolóxica máis prototípica. En efecto, aínda que Borges afirmara que “o mellor antólogo é o tempo” (nunha máxima significativamente moi repetida polos antólogos como estratexia de *captatio*), parece claro que as leis temporais obedecen ó dictame de determinados axentes canonizadores, que actúan como árbitros do gusto literario.

## 2. ANTOLOXÍAS XERACIONAIS, ANTOLOXÍAS PANORÁMICAS E ANTOLOXÍAS TEMÁTICAS

Como xa se viu, a relación entre as antoloxías e a representación do tempo histórico, en termos de ruptura ou de continuidade, é moi estreita. No caso das antoloxías xeracionais, das panorámicas e das temáticas, o vector temporal (ou a súa suspensión, no caso das temáticas) convértese no mesmo eixo estruturante da escolma.

A tan debatida categoría literaria de “xeración” pode dar lugar a unha modalidade de antoloxía que acolle, ás veces dun xeito polémico, as diferentes achegas periodolóxicas xurdidas no ámbito da historiografía poética. É doado reparar nos vínculos que contraen as antoloxías xeracionais e as antoloxías-manifesto. As dúas modalidades constitúen un excelente medio para achegarse ó xeito en que os propios protagonistas do discurso poético conciben o momento histórico e cultural no que se insiren. A este respecto, resulta esclarecedor o caso do colectivo de poetas coruñeses (VV. AA. 1984-1985) que, a mediados dos oitenta, elabora unha autoescolma de poesía amorosa, en dous volumes, titulada *De amor e desamor*, e precedida dunha breve declaración de intencións. Neste limiar, os autores emprenden un cauteloso achegamento ó concepto de xeración literaria, cuestionando as implicacións bioloxistas ou mecanicistas (e, polo tanto, deterministas) da noción. O colectivo (1984: 7) vese a si mesmo como un feixe de forzas en confluencia, aunadas en atención a un criterio “de veciñidade (*sic*) e camaradaxe”. Non deixa de resultar

significativo que algúns dos integrantes deste grupo, malia obxectaren aquí o concepto de xeración literaria, boten man del cando se erixen en antólogos ou en organizadores da produción poética doutros autores precedentes<sup>7</sup>.

O concepto de xeración non ten só incidencia na organización das propias antoloxías, senón tamén na súa composición proemial. A antoloxía de Xosé Lois García (1984) recolle e discute categorías xeracionais desenvolvidas en antoloxías anteriores, como a dos “novísimos” (1984: 10), importada por María Victoria Moreno Márquez (1973). Luciano Rodríguez (1986: 11-12) reflexiona en torno á validez e á pertinencia metodolóxica das xeracións literarias, e César Antonio Molina (1974: *passim*) emprega categorías de xinea xeracional como a de “Escola da Tebra”, a modo de fitos que lle permiten establecer solucións de continuidade ó longo do discurso histórico trazado.

No número monográfico que a revista literaria *Cen Augas*, coordinada por Miguel Anxo Fernán-Vello, Roxélio Martínez e Francisco Pillado Mayor (1984), lle dedicou á poesía galega contemporánea, o parámetro que rexiu a organización da mostra antolóxica foi a pertenza dos poetas antologados á “Xeración das Festas Minervais” e á “Promoción de Enlace”. Velaquí algúns testemuños da notable fortuna posterior (non exenta, con todo, de obxeccións, de engadidos e de emendas<sup>8</sup>) dos parámetros periodolóxicos propostos por Xosé Luís Méndez Ferrín (1984). Cómpre preguntarse, xa que logo, polos mecanismos que subxacen á énfase que as antoloxías galegas poñen no concepto de xeración, ben para refutalo, ben para subscribilo. Esta énfase remóntase ós comezos da década dos setenta, pero non se afianzará ata mediados dos anos noventa, proceso do que darán cumprido testemuño antoloxías como a de Luciano Rodríguez e Teresa Seara (1997), Letras de Cal (1999) ou Helena González (2001), que, desde moi distintos presupostos, plasman de modo implícito ou explícito as tensións xeracionais entre os denominados “poetas dos 80” e “poetas dos 90”. Pode afirmarse, xa que logo, que partindo da xeración como configuración historiográfica que se veu apoiando sobre todo no segmento cronolóxico da década, as últimas escolmas poéticas galegas tenden a acoller (ou a silenciar) o debate entre as distintas promocións, poñendo de relevo tanto a súa concepción da literatura galega como o seu papel no amplo abano das estratexias sistémicas<sup>9</sup>.

Dámoslle a denominación de “antoloxías panorámicas” a aquelas mostras nas que o obxecto do acto de selección non é unha xeración poética, senón a tradición considerada no seu conxunto<sup>10</sup>. Neste caso, prodúcese un sincretismo considerable da escolma con respecto ó manual de historia literaria e, correlativamente, o seu carácter pedagóxico faina confluír cara á modalidade das crestomatías<sup>11</sup>. É o que ocorre na obra de César Morán (1999), que parte da unidade discursiva “poesía galega” para presentar un percorrido histórico, no que os textos antologados funcionan a modo de *exempla* de cada unha das seccións establecidas. No limiar que precede as escollas, o autor encarece o carácter inédito da súa iniciativa e o seu alcance global<sup>12</sup>.

A presente *Antoloxía da poesía galega*, que se lanza ás ondas baixo o título *Río de son e vento*, e enliñada polo tanto na fluencia da seiva que desde antigo nos foi transmitida de xeración en xeración, mediante a palabra oral e escrita que se foi modulando segundo a estética individual e colectiva dos tempos, mais dependente tamén das glorias ou miserias que tivo e sufriu o reino da palabra, procura compendiar a poesía toda que o pobo galego foi producindo, xerando, no decurso dos séculos [...]. Existen

seleccións poéticas que afectan á totalidade da historia nosa, aínda que a síntese do antólogo obriga a silenciar autores e autoras de grande valor que poderían ocupar as páxinas correspondentes con todo o merecemento. Non existe, en cambio, un libro que comprenda a totalidade da lírica galega cunha ampla representación canto a poetas e que ademais posúa o rigor documental, a fiabilidade textual, a autenticidade fónico-visual que a unha obra destas características se lle debe esixir (Morán 1999: 9).

O carácter histórico das escolmas pode verse sometido a un proceso de difuminación que non vela, con todo, nin a temporalidade das escolmas (ou sexa, a súa suxección a un determinado horizonte socio-cultural) nin a amplitude do arco temporal considerado na selección. Estámonos referindo ás antoloxías que parten, moitas veces desde o mesmo título, dun criterio de valoración explícito, xeralmente de carácter apreciativo, sen que isto exclúa a posibilidade de artellar unha escolma desde o horizonte axial depreciativo. Á modalidade “os (x) mellores poemas da literatura galega” pertencen escolmas como a de Xesús Alonso Montero (1970), Álvaro de las Casas (1928) ou Eugenio López Aydillo (1914).

O criterio de articulación temporal, que é o verdadeiramente determinante en todas as variantes tipolóxicas da escolma, está tamén presente nas antoloxías temáticas. Nelas, o antólogo percorre a historia literaria á busca de exemplares poéticos que ilustren un determinado motivo elixido como eixo vertebrador da obra. No nivel da disposición dos textos, as antoloxías temáticas adoitan prescindir do criterio cronolóxico, feito que contribúe a suspender o vector da diacronía en favor dunha concepción da tradición poética como serie de textos pertencentes a unha mesma orde simultánea<sup>13</sup>.

### 3. AUTOANTOLOXÍAS, ANTOLOXÍAS INDIVIDUAIS E ANTOLOXÍAS DE HOMENAXE

Ata o de agora, viñémonos referindo a antoloxías que inclúen no seu corpo textual a obra de varios poetas. Dentro das escolmas que toman por obxecto a un só autor, cabe distinguir entre as autoantoloxías e as antoloxías individuais. Nas primeiras, o autor multiplica os seus papeis funcionais, converténdose simultaneamente en antólogo, autor antologado, lector e crítico, e sometendo a escrutinio axiolóxico tanto a súa propia condición autorial como os produtos que dela se derivan.

Por outra banda, as antoloxías individuais, nas que a selección operada sobre o corpus do poeta escollido obedece a un axente diferenciado do propio autor (xeralmente un crítico) constitúen un bo punto de partida para analizar as continxencias ás que se ve sometido o proceso de composición do canon de autores nunha determinada literatura<sup>14</sup>. Neste sentido, e aínda cando se trata de escolmas colectivas, son clarificadoras tamén as antoloxías de homenaxe ou coroas poéticas, nas que distintos poetas lle dedican as súas composicións a un determinado autor, contribuíndo a canonizalo ou refrendando a súa canonicidade.

### 4. AS ANTOLOXÍAS BRANCAS

A denominación “antoloxía branca” funciona aquí, en certo sentido, como eco das mitoloxías brancas recoñecidas por Jacques Derrida nas súas *Marges de la philosophie* (1972). Segundo Derrida, as mitoloxías brancas basean gran parte da súa eficacia na metafísica da presenza característica do discurso logofonocéntrico pro-

pio da filosofía a partir de Platón. A brancura denunciada ten a súa orixe no soño dunha linguaxe transparente e orixinaria, que traduciría sen interposicións semánticas a realidade das cousas, identificada coa verdade do *logos*.

Falamos de antoloxías brancas para referirnos a todas aquelas escolmas que eluden, dalgún xeito, a súa propia condición antolóxica, isto é, o feito de ser froito dunha selección e non doutra, ou resultado dunhas instancias e non doutras. Os procedementos de denegación son moi diversos, e van desde a omisión do corpo paratextual xustificativo ata a inserción dos poemas escollidos nun conxunto textual máis amplo do tipo “enciclopedia”, “historia da literatura” ou “revista”<sup>15</sup>. O estudio das estratexias de obxectivación que afectan ó material poético presentado nas antoloxías brancas permite conectalas cos procedementos retóricos e pragmáticos empregados en todas aquelas escolmas que recorren á participación máis ou menos activa dos poetas antologados. Isto é o que ocorre, por exemplo, nas “antoloxías consultadas”, onde as escollas refrendadas pola obra se presentan como o froito do gusto poético dunha serie de autores *representativos* que poden coincidir ou non cos poetas escolmados<sup>16</sup>.

En calquera caso, as consultas feitas polo director deste tipo de mostras antolóxicas, consultas que adoitan adoptar a forma de enquisas, funcionan como unha estratexia de presentación que pretende garantir a “obxectividade” das escollas. Repárese, senón, en que a elaboración dos formularios presentados corre enteiramente ó cargo dese coordinador, ó que se lle atribúe a nada imparcial potestade de formular ou, pola contra, de eludir determinadas cuestións. Por outra banda, tamén os destinatarios das enquisas son o produto dunha escolla meditada. Deste xeito, pretendendo delegar nos propios poetas ou nos críticos o seu labor de antólogo de textos ou de autores, o encargado dunha antoloxía consultada convértese nun antólogo de preguntas formuladas e de autores consultados.

Hai outros procedementos, ben máis frecuentes no despregarse histórico da antoloxía poética galega, que revisten o mesmo propósito de garantirles ás escollas secundadas un carácter neutro e imparcial, no ronsel do que aquí denominamos “antoloxías brancas”. Un deles consiste en adxuntar materiais tales como autopoéticas ou cuestionarios que, dalgún xeito, consigan darlles cabida ás ideas literarias dos autores antologados, difuminando ó máximo a intervención explícita das instancias antolóxicas no proceso de edición. Isto é o que ocorre, por exemplo, na antoloxía de Luciano Rodríguez Gómez (1986), onde cada unha das doce voces escollidas lles dá resposta a un certo número de cuestións que resultan moi reveladoras da noción de poesía galega dos oitenta da que se parte (e á que se chega) na escolma.

## CONCLUSIONES

A aplicación doutros posibles parámetros de catalogación daría lugar ó recoñecemento de novas clases tipolóxicas dentro da modalidade antoloxía, nunha progresión que podería multiplicarse case *ad infinitum* e da que, en todo caso, só podería dar cumprimento unha investigación de maior alcance. O que interesa subliñar aquí é que cada unha das vías de categorización abertas, substentadas en criterios heteroxéneos e non necesariamente simétricos, leva consigo un posible xeito de exploración teórica do obxecto. As propostas taxonómicas (de interese parcial, ou cando menos discutible, en áreas de investigación moi consolidadas) cobran toda a súa pertinencia no estudio de temas pouco atendidos ou que

gozan dunha tradición disciplinar recente. Quizais non estea de máis reparar en que, de acordo coa moderna ciencia cognitiva, as posibilidades do coñecemento humano se asentán, en boa medida, en modelos de clasificación e categorización concibidos como modos de acceso constructivo ó que Hjelmslev denominaba *materia non signata* e outros, por convención, seguen denominando realidade.

En sentido inverso, a rica variabilidade de posibilidades de antoloxación pode contribuír a corroborar ou a desmentir hipóteses sobre o funcionamento do sistema literario galego. Por aducir un só exemplo, fenómenos emerxentes non nacionalitarios como a denominada “poesía de muller”, que acadaron particular relevo no desenvolvemento da poesía galega dos últimos anos, atoparon o seu correlato nas antoloxías<sup>17</sup> e contribuíron a consolidar a posibilidade dun conxunto literario asentado no patrón de xénero ou, cando menos, a abrir unha discusión acerca da súa pertinencia. Do mesmo xeito, tal vez a proliferación de antoloxías-recital<sup>18</sup> durante o último decenio obedeza a un máis xenérico fenómeno de *oralización* da palabra poética que se constituíu nun dos trazos máis distintivos do repertorio da denominada “poesía dos noventa” e que afecta a un fenómeno máis global tipificado por Wlad Godzich (1998) como “cultura auditiva”.

En suma, a nosa proposta descansa nunha concepción dinámica e circular da oposición tipo/ocorrência (*type/token*), na que as clases contempladas non son identificadas con “obxectos” (impedindo, polo tanto, innecesarias advertencias en torno a un hipotético solapamento ou concorrencia), senón como prácticas. Pola mesma, non intentamos tanto consignar tipos de antoloxías como posibles xeitos de antologar. E iso tendo sempre presente a cautelosa advertencia de Wittgenstein, que despois de comparar os procesos de adquisición e uso da linguaxe coa progresión dos pasos nos banzos dunha escada, advertía da necesidade de desbotar o instrumento que nos axudara a ascender. No aceno de tirar a escada, aceptamos que as clasificacións funcionan como puntos de partida que, en certo momento, se fai preciso transcender, e que mostrarán a súa efectividade só en tanto sexan capaces de suscitar a complementación e mesmo a diverxencia.



## NOTAS

- 1 É de xustiza facer notar que este interese se viu ás veces pexado por unha certa tendencia á instrumentalización da escolma como “guía”, “ferramenta” ou “exemplo” das hipóteses propostas (moitas delas, en relación directa co tan debatido problema do canon literario) e non tanto como “obxecto” ou mesmo como “motor” de análises autónomas.
- 2 Débolle este uso terminolóxico a un traballo sobre lingüística cognitiva asinado por Adrienne Lehrer e Eva Feder Kittay (1992: 13-14). As autoras distinguen tres niveis de análise (atomística, molecular e holística), ó tempo que cifran no holismo local a posibilidade inferencial de proxeccionar abstraccións a partir de marcos de acción concretos.
- 3 Empregamos o concepto de planificación no sentido que lle deu Itamar Even-Zohar (1995), que concibe estes procesos culturais como a implantación de novos repertorios por parte dos axentes de poder e dos produtores da cultura, e que exemplifica, entre outros, co caso galego.
- 4 As dúas denominacións son do profesor José Manuel González Herrán, que adoitaba empregalas nunha materia cuadrimestral sobre a traxectoria da poesía española de posguerra, impartido na Facultade de Santiago de Compostela durante o curso 1996/1997. As diferencias entre o desenvolvemento da poesía de expresión castelá na segunda metade do século XX e o decorrer da poesía galega no mesmo arco temporal teñen o seu correlato nos heteroxéneos usos e funcións destas dúas modalidades antolóxicas en cadanseu ámbito sistémico.
- 5 Aínda que sen correlato terminolóxico e con desigual precisión, esta distinción aparece trazada en T. S. Eliot [1929] (1992: 40-41) e en Claudio Guillén (1985: 414-15).
- 6 Menor impacto público, pero idéntica intencionalidade, tiveron entre-gas antolóxicas como as do Colectivo “Arco da Vella” (1990-1995).
- 7 Véxase Miguel Anxo Fernán-Vello (1984).
- 8 Consúltese, sobre todo no que atinxe á xeración “Antre dous séculos”, o prólogo da escolma de Freixeiro Mato e Pillado Mayor (1996). A periodoloxía ferriniana foi contestada, recentemente, nos preliminares da antoloxía de Xosé María Álvarez Cáccamo e de Carlos Luís Bernárdez (1995) que demostran, unha vez máis, a capacidade da escolma para facerse eco do debate metaliterario. Baseándose nas propostas de Julius Petersen, os antólogos cuestionan a pertinencia da denominada “Promoción de Enlace”.
- 9 Ás veces, a antoloxía poética funcionou tamén como vehículo dun máis amplo e ambicioso proceso de normalización cultural e artística, intentando darlles cabida a ambiciosas expresións de tipo plástico. O colectivo “Loía” (1977) publica desde Madrid unha “antoloxía-manifesto” que, ademais de recoller textos poéticos, emprega procedementos como a colaxe ou o cómic, tamén explorados por “Rompente”. “Loía” estaba integrado por poetas e por pintores (Antón Patiño, Menchu Lamas). Unha antoloxía de poesía feminina dirixida por María Camino Noia (1992) incorporaba ás súas páxinas unha auténtica escolma paralela de pintura e de fotografía galega de muller. Na escolma de Yara Frateschi Vieira (1996) tamén se antologan, secundariamente, pintores galegos (Isaac Díaz Pardo, Carlos Maside, Xurxo Martiño, Montse Amigo).
- 10 Consúltense, entre outras, as antoloxías de Anxo Gómez Sánchez e Manuel María (1997), Mato Fondo (1997) ou Forcadela (1997), inseridas significativamente na colección “A nosa literatura” da AS-PG, que fai da escolma literaria un dos seus fundamentos.
- 11 Véxase, por exemplo, Mato Fondo (1988).
- 12 Repárese, con todo, en precedentes antolóxicos tan destacados como os de Álvarez Blázquez (1953, 1959) ou Fernández del Riego (1957, 1972, 1976, 1980).

- 13 Véxase Álvarez Gándara (1973) e VV. AA. (1984-1985).
- 14 Entre as antoloxías individuais publicadas nos últimos cinco anos, salientamos a de Luciano Rodríguez (1995), que escolma a Xulio López Valcárcel; a de Miro Villar (1995), que toma por obxecto a obra poética de Gonzalo López Abente; a de Olga Novo, que antologa a Claudio Rodríguez Fer, ou a de Fermín Bouza (1999), que se ocupa da produción de Vicente Araguas.
- 15 Dentro do apartado das antoloxías-revista, cómpre destacar os números monográficos que *Nordés* (1978), *Coordenadas* (1981), *Cen Augas* (1984), *Contemporánea* (1985), *Zurgai* (1993), *Litoral* (1994) ou *Grial* (1998) lle viñeron dedicando nos últimos anos á poesía galega contemporánea. A relación entre as antoloxías e as revistas literarias agocha ás veces propósitos manifestarios. Neste sentido, escribe Alfonso Reyes (1963: 13): “A veces, las antologías marcan hitos de las grandes controversias críticas, sea que las provoquen o que aparezcan como su consecuencia. En rigor, las revistas literarias de escuela y grupo se reducen a igual argumento y cobran carácter de antologías cruciales: *Le Parnase Contemporain*, de París; la *Revista Azul*, de México, en que Gutiérrez Nájera lanzó la voz del modernismo americano; el *Martín Fierro*, de Buenos Aires, índice de una nueva generación (1925)”.
- 16 No momento de redacción destas liñas, Arturo Casas prepara unha antoloxía consultada da poesía galega que será editada por Tris-Tram no ano 2002 e que adopta como arco temporal de produción poética o período 1976-2000. En declaracións concedidas a Carme Vidal (2001), o autor refírese ás antoloxías como “ferramentas de loita nas que os críticos e os antólogos establecen unha estratexia para intervir no panorama literario”, e refírese á fanada iniciativa de Filgueira Valverde como posible precedente do seu labor (*vid.* Varela-Suanzes, 1999, 2000). No prólogo da súa *Poesía gallega de hoy*, Basilio Losada (1990) alude tamén a procedementos de consulta na elaboración da nómina representada e, nun sentido bastante lato do termo, a escolma de Letras de Cal (2000) podería chegar a considerarse unha antoloxía consultada (así o fai, por exemplo, Helena González (2001) nas palabras que prologan *A tribo das baleas*. O proxecto de Casas reviste, con todo, un carácter en certa medida inédito, tanto pola amplitude do ámbito de sondaxe como pola transparencia do proceso e pola asunción explícita dos límites e presupostos dunha antoloxía consultada. O inquérito que dará lugar á escolma foi remitido a dúscentas persoas, ás que se lles pedía que elaborasen dúas nóminas —unha de poetas (ata quince nomes) e outra de obras (ata dez títulos)—, aténdose ó devandito marco transxeracional 1976-2000.
- 17 Véxanse, por exemplo, Camino Noia (1992), Ana Blanco (1997) e Alberto Augusto Miranda e Carlos Domínguez Alberte (1998).
- 18 Este tipo de publicacións adxuntan no corpo da escolma un CD que rexistra as voces dos poetas recitando versos propios ou alleos e, noutros casos, versións musicadas dos poemas elixidos. Véxanse Ana Blanco (1997), Manuel Rivas (1998), Blanco Amor [1956] (1998), César Morán (1999), Consello da Cultura Galega (2000), ou Yolanda Castaño (2000).

## Referencias bibliográficas

---

Casas, A.

- 2000 “La función autopoética y el problema de la productividad histórica”, en Romera Castillo, José e Gutiérrez Carbajo, Francisco eds., *Poesía histórica y (auto)biográfica (1975-1999)*. *Actas del IX Seminario Internacional del Instituto de Semiótica literaria, teatral y nuevas tecnologías de la UNED* (Madrid: Visor, 209-16).

Derrida, J.

- 1972 *Marges de la philosophie* (París: Minuit).

Eliot, T. E.

- 1992 [1929] “¿Qué es la poesía menor”, en *Sobre poesía y poetas* (Barcelona: Icaria, 39-54).

Lehrer, A. e E. Feder Kittay eds.

- 1992 *Frames, fields and contrast. New Essays in Semantic and Lexical Organization* (Hillsdale: Lawrence Erlbaum).

Godzich, W.

- 1998 *Teoría literaria y crítica de la cultura* (Madrid: Cátedra).

González-Millán, X.

- 1999 “¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional?” Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega (1999)*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1999*, 135-147.

Guillén, C.

- 1985 *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada* (Barcelona: Crítica).

Reyes, A.

- 1963 “Teoría de la antología”, en *Obras completas*, México, vol. XIV, 137-141.

Varela Suanzes-Carpegna, A.

- 1999 “As antoloxías literarias galegas: do Rexurdimento a 1936”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 69-102.
- 2000 “Un achegamento ao estudio das antoloxías literarias do primeiro tercio do século XX: a *Antoloxía Comentada* de Filgueira Valverde e *A Pequena Antoloxía Lírica* de F. M. G”, en Álvarez, Rosario e Dolores Vilavedra, eds., *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. II, 1535-41.

Vidal, C.

- 2001 “Un feixe de antoloxias poéticas para o cambio de milénio. Arturo Casas prepara unha escolma coa opinión de máis de duascenas persoas do mundo literario”, en “Guieiro Cultural”, *A Nosa Terra*, xoves 14-VI-2001.

## Antoloxías

---

Alonso Montero, X.

1970 *Os cen mellores poemas da lingua galega* (Lugo: Celta).

Álvarez Blázquez, X. M.

1953 *Escolma de poesía galega. I. Escola medieval galego-portuguesa* (Vigo: Galaxia).

Álvarez Blázquez, X. M.

1959 *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX* (Vigo: Galaxia).

Álvarez Cáccamo, X. M. e C. L. Bernárdez

1995 *50 anos de poesía galega* (A Coruña: Penta).

Álvarez Gándara, A.

1973 *Falemos galego* (Vigo: Castrelos).

Angueira, A. e E. Lazare.

- 1999 *Poesie en Galicie aujourd'hui*, en *Cahiers Poésie des Régions d'Europe* 24 (Namur-Bélgica: La Maison de la poésie de Namur).

Araguas, V.

- 1999 *Billarda*, prólogo de Fermín Bouza (Madrid: Huerga y Fierro Editores).

Augusto Miranda, A. e X. C. Domínguez Alberte.

- 1998 *Mulber a facer vento* (Lisboa: Tema).

Axeitos, X. L.

- 1988 *Antoloxía de poesía galega erótica e amorosa* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro/Luzes de Galiza).

Blanco, A.

- 1997 *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (Santiago de Compostela: Patronato Rosalía de Castro).

Blanco Amor, E.

- 1998 [1956] *Recital antolóxico da poesía galega dos séculos XII ao XX*, prólogo de Carlos Laíño (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Cabanillas, R.

- 1959 *Antífona da cantiga*, en *Obra Completa* (Bos Aires: Ediciones Galicia, 817-72).

Carballo Calero, R.

- 1955 *Sete poetas galegos. Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio* (Vigo: Galaxia).

Casas, Á. de las

- 1928 *Antología de la lírica gallega* (Madrid: Compañía Iberoamericana de Publicaciones).

Castaño, Y.

- 1997 *La flama en el espejo. Muestra de la joven poesía gallega* (México: Praxis).

Castaño, Y.

2000 *Edénica. Antoloxía* (A Coruña: Espiral Maior).

Cochón, I. e H. González

1998 *Upalás. Escolma. Rompente*, prólogo de Xabier Cordal Fustes (Vigo: Xerais).

Colectivo “Alén”

1977 *Alén*, prólogo de Ricardo Carballo Calero (Santiago de Compostela: Follas Novas).

Colectivo “Arco da Vella”

1990 [1995] *Poemas do Arco da Vella*, prólogo de Manuel López Foxo (Lugo: Edicións Paporroibo, 3 vols).

Colectivo “Cravo Fondo”

1977 *Cravo Fondo* (Santiago de Compostela: Follas Novas).

Colectivo “Rompente”

1976 *Antoloxía: Crebar as liras* (Vigo: Follas de Resistencia Poética).

Contemporánea

1995 *Poesía galega hoxe: dúas xeracións do século*, número especial, outubro.

Coordenadas

1981 *Poesía galega actual*, número especial, maio.

Consello da Cultura Galega

2000 *Novas voces da poesía galega. Recital*, Santiago de Compostela.

Fernán-Vello, M. A. *et alii*

1984 *Cen Augas*, número especial, maio.

Fernández del Riego, F. e A. Johan.

1951 *A Mais recente poesía galega* (Vigo: Galaxia).

Fernández del Riego, F.

- 1957 *Escolma de poesía galega. III. O século XIX* (Vigo: Galaxia).
- 1972 *Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos* (Vigo: Galaxia).
- 1976 *Antoloxía da Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores* (Vigo: Galaxia).
- 1980 *Antoloxía da poesía galega. Do posmodernismo aos novos* (Vigo: Galaxia).

Ferro Couselo, X.

- 1967 *A vida e a fala dos devanceiros (Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ó XVI)* (Vigo: Galaxia, 2 vols).

Forcadela, M.

- 1997 *Poesía de posguerra. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, colección A Nosa Literatura, 34).

Frateschi Vieira, Y.

- 1996 *Antologia de poesia galega* (Campinas: UNICAMP).

Freixeiro Mato, X. R. e F. Pillado Mayor.

- 1996 *A poesía e o teatro interseculares. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG).

Freixeiro Mato, X. R.

- 1996 *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG).

García Negro, M. P., A. Gómez Sánchez e F. Rodríguez Sánchez

- 1996 *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, Colección A Nosa Literatura, 12).

García, X. L.

- 1984 *Escolma da poesía galega (1976-1984)* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- 1993 *Floriram cravos vermelbos. Antologia poética de expressao portuguesa em África e Ásia* (A Coruña: Espiral Maior).
- 1999 *Alén do azul. Unba ducia de poetas galegos en Catalunya* (Sada/A Coruña: Edicións do Castro).



García Devesa, C.

- 1998 *Labirintos de identidade. Mostra de poesía latina nos Estados Unidos* (A Coruña: Espiral Maior).

Gómez Sánchez, A. e Manuel María

- 1997 *Poetas entre a tradición e a modernidade (Luís Amado Carballo e os seus seguidores)* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG).

González Fernández, H.

- 2001 *A tribo das baleas. Poetas de arestora* (Vigo: Xerais).

González Garcés, M.

- 1974 *Poesía gallega contemporánea. Antoloxía* (Barcelona: Plaza & Janés).  
1978 *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 2 vols).

Heinze de Lorenzo, U.

- 1995 *Versos de terras distantes* (Santiago de Compostela: Ed. Compostela/O Correo Galego).  
1996 *Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia* (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).

La Iglesia, F. M. de e A. de La Iglesia.

- 1862 *Álbum de la Caridad: Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos* (A Coruña: José Pascual López Cortón).

Landeira Yrago, X.

- 1975 *Antoloxía. Poesía galega. Dos devanceiros ao dezaoitto* (Vigo: Galaxia).

Letras de Cal

- 1999 *dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90* (Santiago de Compostela: A.C. Amaía).

Litoral

- 1996 *Poesía gallega contemporánea* 209-210, coordinado por Luciano Rodríguez e Antonio Jiménez Millán.

López Fernández, X.

- 1999 *Poesía de Galicia. Poemas á nai* (Santiago de Compostela: Edición do autor).

López, T.

- 2000 *Sementeira de ronseis. Cinco poetas da vangarda* (A Coruña: Espiral Maior).

López Aydillo, E.

- 1914 *Las mejores poesías gallegas* (Madrid: Imprenta Artística Española).

López Barxas, F. e C. A. Molina.

- 1991 *Fin de un milenio. Antología de la poesía gallega última* (Madrid: Libertarias).

Losada Castro, B.

- 1971 *Poetas gallegos de posguerra* (Barcelona: Ocnos).  
1972 *Poetas gallegos contemporáneos* (Barcelona: Seix Barral).  
1990 *Poesía gallega de hoy. Antología* (Madrid: Visor).

Maceira Fernández, X. M.

- 1997 *Literatura na diáspora bonaerense. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG).

Matevski, Mateja

- 1997 *Poesía galega*, Pen Clube de Macedonia.

Mato Fondo, M. A. *et alii*

- 1988 *Materiais. Literatura do século XX* (A Coruña: Vía Láctea).

Mato Fondo, M.

- 1997 *A poesía contemporánea a partir de 1975. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra/AS-PG).

Molina, C. A.

- 1984 *Antología de la poesía gallega contemporánea* (Madrid: Júcar).

Morán, C.

- 1999 *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega* (Vigo: Xerais).

Moreno Mázquez, M. V.

- 1973 *Os Novísimos da poesía galega* (Madrid: Akal).

Noia, M. C.

- 1992 *Palabra de muller* (Vigo: Xerais).

Nordés

- 1978 *Antoloxía da poesía galega actual* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro).

Novo, O.

- 1999 *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer (Estudio e Antoloxía)* (Santiago de Compostela: Librería Follas Novas).

Rivas, M.

- 1998 *O pobo da noite. Antoloxía poética* (Vigo: Xerais).

Rodríguez Baixeras, X. e Álex Susana.

- 1990 *Sis poetas gallecs* (Barcelona: Columna).

Rodríguez Baixeras, X.

- 1995 *Trece poetas cataláns* (A Coruña: Espiral Maior).

Rodríguez Cañada, B.

- 1997 *Poesía ultimísima. 35 voces para abrir un milenio* (Madrid: Ediciones Libertarias/Prodhufi).
- 1999 *Milenio. Ultimísima poesía española (Antología)* (Madrid: Celeste Ediciones/Sial Ediciones).

Rodríguez, L.

- 1986 *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega* (Barcelona: Sotelo Blanco).
- 1995 *Los caminos de la voz. Seis poetas gallegos de hoy* (Granada: Diputación Provincial).

Rodríguez, L. e T. Seara.

- 1997 *Para saír do século. Nova proposta poética* (Vigo: Xerais).

Sanmartín Rei, A.

- 1997 *A vangarda. De Catro a Catro. Manuel Antonio. Antoloxía. Manuel Antonio. Alvaro Cunqueiro* (Vigo: A nosa Terra/AS-PG, colección A Nosa Literatura, 27).

Saralegui y Medina, L.

- 1886 *Galicia y sus poetas. Poesías escogidas de autores gallegos contemporáneos, coleccionadas y precedidas de un prólogo por D. Leandro de Saralegui y Medina* (Ferrol: Est. Tipográfico de Ricardo Pita).
- 1896 *Poesías Gallegas* (A Coruña: A. Martínez Edit).

Vázquez de Gey, E.

- 1988 *Queimar as meigas. Galicia: 50 años de poesía de mujer* (Madrid: Ediciones Torreozas).

VV. AA.

- 1984 [1985] *De amor e desamor* (Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 2 vols).

VV. AA.

- 1998 “Antoloxía da poesía nova: Chus Pato, Arturo Casas, Manuel Outeiriño, Fran Alonso, Helena de Carlos, Xabier Cordal, Anxos Romeo, Rafa Villar, Lupe Gómez, Estevo Creus, Olga Novo, Yolanda Castaño, Emma Couceiro”, *Grial* 140, t. 36, 763-795 (Vigo: Galaxia).

Villar, R.

- 1997 *De Mar e Vento. Cinco poetas de Fisterra (Escolma poética)* (A Coruña: Espiral Maior).

Zernova, E.

- 1996 *Entre dous silencios. Antoloxía da literatura galega* (San Petesburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo).
- 1997 *Voces novas. Antoloxía da literatura galega* (San Petesburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo).
- 1999 *No limiar do novo milenio. Antoloxía da literatura galega* (San Petesburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo).

Zurgai

- 1993 *Poesía gallega*, número especial, decembro.